



# NOVAS PENZOL

Número 16 - xuño de 2017

## FERMÍN PENZOL: O ALENTO FÉRTIL E CORDIAL

Fermín Penzol Labandeira, inscrito no Rexistro civil como Fermín Luis Fernández y Penzol Labandera, (Sahagún, 1901 – Santiago de Compostela, 1981), foi persoa de inquebrantábel compromiso con Galicia. Acolleu e alentou con paixón as iniciativas a prol da Terra, tanto no campo político coma no cultural, e a aínda botou a andar as súas propias e fértiles iniciativas.

Asume un papel protagonista na Mocidade Céltiga de Madrid, sendo estudante, e tamén suma o seu compromiso ao labor do Partido Galeguista.

É unha persoa clave na creación e mantemento da Editorial Galaxia.

Ao longo de toda a súa vida vai alimentando a súa paixón pola bibliofilia e crea un fondo esencial para estudar e entender a memoria escrita de Galicia.



En 1963 crea a Fundación Penzol á que doa os seus fondos bibliográficos e documentais para poñelos a disposición da sociedade.

Este número de Novas Penzol, dedicado á figura do noso fundador, presenta as referencias bibliográficas sobre a súa persoa e a súa obra é unha mostra esencial dos documentos do seu fondo persoal.

Agradezo ao persoal da Fundación Penzol e a Malós Cabrera a súa colaboración na realización deste boletín.

Saúdos cordiais.

Silvestre Gómez Xurxo  
Responsábel de Novas Penzol

---

FUNDACIÓN PENZOL \* Casa Galega da Cultura \* Praza da Princesa, 2 \* 36202 VIGO. Teléfono: 986 226459 \* Fax: 986229081 \*  
correo-e: [casagalegacultura@vigo.org](mailto:casagalegacultura@vigo.org).

Horario público: luns a venres: 9:00 a 14:00 h. - 17:00 a 20:00 \* 15 de xuño ao 15 setembro: abre só polas mañás.

## BIBLIOTECA DA FUNDACIÓN PENZOL MONOGRAFÍAS SOBRE FERMÍN PENZOL

-**Homaxe a D. Fermín Penzol** / Arcadio López-Casanova, Carlos Casares. Santiago : La Ibérica, 1963.  
Sign.: C-162/16.


-**Homenaxe a Fermín Penzol** / Ramón Piñeiro et al.. Vigo : Galaxia, 1972. Edición de 75 exemplares numerados os 60 primeiros. Ex. N° 48 a nome da Biblioteca Penzol. Sign.: 39/54.

-**Guía das coleccións bibliográficas e documentais da Fundación Penzol** / Olga Gallego e Pedro López. Vigo : Fundación Penzol, 1980. Sign.: C-241/32.

-**Fermín Penzol e o nacionalismo galego** / X.L. Méndez Ferrín. En Lingua e cultura galega de Asturias : Actas das Ias Xornadas da Lingua e da Cultura Galega de Asturias : na busca das raíces da Terra Navia-Eo : homenaxe a Dámaso Alonso / organizadas pola MDGA (Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca) ; edición de Francisco Fernández Rei. Vigo : Edicións Xerais de Galicia, 1994. P. 237-242. Sign.: 45/43.

-**A Biblioteca e o arquivo da Fundación Penzol** / por Francisco Fernández del Riego. Vigo : Instituto de Estudos Vigueses (Fundación Provigo), 1996. Separata de: Boletín del Instituto de Estudos Vigueses, ano 2, n. 2 (1996).  
Sign.: C-340/1.

-**Fermín Penzol** / Ramón Piñeiro. Vigo : Galaxia, 2001. O texto orixinal foi publicado por primeira vez en Grial n. 73 (1981). Sign.: 32/341.



-**La Fundación Penzol y sus orígenes bercianos** / Rafael Canseco. En El Bierzo. Ponferrada: Basílica de Nuestra Señora de la Encina, 1984 – Año 2009; p. 92-95. Sign.:

-**Fermín Penzol : unha obra para un país** : catálogo da exposición celebrada na Casa Galega de Cultura, Vigo do 19 de outubro ao 30 de novembro de 2010 / edición María Dolores Cabrera, Henrique Monteagudo. Vigo : Fundación Penzol : Galaxia, imp. 2010. Sign.: 138/122.

Contén:

Home galego / Francisco Fernández del Riego. P. 10-11.

Conversa con Fermín Penzol, o gran bibliófilo galego / Salvador Lorenzana. P. 18-21.

Discanto para Fermín Penzol / Fermín Bouza-Brey. P. 22.

Hai kai a Fermín Penzol, bibliófilo / Uxío Novoneyra. P. 23.  
 Canto de outono para a túa volta / Salvador García-Bodaño. P. 23-24.  
 Nesta xuntanza amistosa / Ramón Piñeiro. P. 24-25.  
 Era galego fronteiriço / Manuel Rodrigues Lapa. P. 25.  
 O sorriso de Fermín Penzol / Domingo García-Sabell. P. 25.  
 Os espellos de Fermín Penzol / Marino Dónega. P. 25-26.  
 Fermín Penzol en Mondoñedo / Álvaro Cunqueiro. P. 26.  
 Dende neno e estudante alentaba a idea dela / Ramón Otero Pedrayo. P. 26.  
 Un encontro / Xosé Luís L. Cortón. P. 26-27..  
 Coñecín a Penzol / Xosé Ramón e Fernández Oxea. P. 27.  
 A obra de Penzol / Álvaro Gil Varela. P. 27  
 Os silencios de Fermín / Valentín Paz-Andrade. P. 27-28.  
 Este é dos bos e xenerosos / Isidoro Millán González-Pardo. P. 28.  
 Fermín Penzol en Barcelona / Basilio Losada. P. 28-29.  
 Unha lembranza da figura humana e cordial de Fermín Penzol / Isaac Díaz Pardo. P. 29.  
 Vir generosae ac clarae indolis / Sebastián Martínez-Risco. P. 29-30.  
 Non se sabe tanto / Eduardo Blanco Amor. P. 30.  
 Penzol entra nunha librería... / Ricardo Carballo Calero. P. 30-31.  
 Botando alicerces en silencio... alentamos. Aínda alentamos e alentaremos sempre / Xosé Manuel Beiras. P. 31.  
 Historia da Fundación Penzol e a súa significación / Alfonso Zulueta de Haz. P. 54-59.  
 A Biblioteca Penzol como Biblioteca Nacional de Galicia / Olga Gallego Domínguez, Pedro López Gómez. P. 60-65.  
 Ex libris para Fermín Penzol / Xosé Díaz. P. 65.  
 A Fundación Penzol e a memoria do galeguismo / Ramón Villares. P. 66-70.  
 A Fundación e Biblioteca Penzol e a Filoloxía galega / Henrique Monteagudo. P. 71-80.  
 A Editorial Galaxia e a Fundación Penzol. Galeguismo civil / Víctor F. Freixanes. P. 81-85.  
 Fermín Penzol: bibliofilia e política / Xesús Alonso Montero. P. 114-116.  
 A tripla “revelación” da Penzol / Gonzalo Allegue. P. 116-117.  
 A Fundación Penzol e o Instituto da Língua Galega / Rosario Álvarez Blanco. P. 117-118.  
 Unha onza de chocolate / Rosa Aneiros. P. 118-120.  
 As tardes na Penzol / Valentín Arias. P. 120-121.  
 Da Fundación Penzol / Miguel Barros. P. 121-122.  
 Lembranzas de tempos non tan vellos / Justo Beramendi. P. 122-123.  
 O silencio / Carmen Blanco. P. 123-124.  
 Luz da Penzol / Xan Carballa. P. 124-125.  
 A Biblioteca Penzol, arcano do noso saber / Xavier Castro. P. 125-127.  
 Arredor da Penzol / Baldomero Cores Trasmonte. P. 127-128.  
 A Penzol / Antón Costa Rico. P. 129-130.  
*A esmorga* á luz da Penzol / Xosé Manuel Dasilva. P. 130-131.  
 Pasar por Penzol é vivir / José Antonio Durán. P. 132.  
 Don Paco e a illa do tesouro / Camilo Fernández Valdehorras. P. 132-134.  
 Un lugar de encontros / Xosé Luís Franco Grande. P. 134-135.  
 O goce do tempo detido / Helena González Fernández. P. 135-136.  
 Unha e moitas débedas coa Fundación Penzol / Gerardo González Martín. P. 136-137.  
 A Penzol, un manantío de galeguidade / Modesto Hermida. P. 137-138.  
 A Penzol, unha fonte de auga fresca e permanente / Bieito Ledo. P. 139-140.  
 A Penzol nos tempos en que as bibliotecas eran delito / Gustavo Luca de Tena. P. 140-141.  
 A imaxe da lealdade / X.L. Méndez Ferrín. P. 141-142.  
 A cartografía e o territorio na Biblioteca Penzol / Gonzalo Méndez Martínez. P. 142-143.  
 Penzol / Xosé Neira Vilas. P. 143-144.  
 A Penzol onte e hoxe / Camiño Noia. P. 144-145.  
 A Penzol acougadora / Craig Patterson. P. 145-146.  
 A biblioteca dun soño, a biblioteca dos meus recordos / Carmen Pérez Pais. P. 146-147.  
 Vinculeiros de Fermín Penzol / Miguel Anxo Seixas Seoane. P. 147-150.  
 A Fundación Penzol cae no vinte e catro... / Xohana Torres. P. 150.  
 O noso planeta Penzol / Dolores Vilavedra. P. 151.  
 A gran recompensa do noso labor / Marián Vidal Fraile. P. 152.

-**A Fundación Penzol : a marmita da cultura galega** / por Xurxo Martínez González. Vigo : Fundación Provigo, Instituto de Estudos Vigueses, 2011. Separata de: Boletín do Instituto de Estudos Vigueses. Ano 16, n. 16 (2011). Sign.: C-464/6.

-**Dos grandes bibliófilos gallegos del siglo XX : Antonio Rey Soto (1879-1966) y Fermín Penzol (1901-1981)** / Xesus Alonso Montero. En *Bibliofilia y nacionalismo : nueve ensayos sobre coleccionismo y artes contemporáneas del libro* / dirigido por María Luisa López-Vidriero ; edición al cuidado de Pablo Andrés Escapa. Salamanca : Seminario de Estudos Medievales y Renacentistas, Sociedad de Estudos Medievales y Renacentistas, 2011. P.13-43. Sign.: C-101/32.

-**Cartas a Fermín Penzol** : de Ramón Piñeiro, Ramón Cabanillas, Ben-Cho-Shey, Otero Pedrayo / Edición, introdución e notas de Luís Cochón, coa colaboración de Lorena Domínguez Mallo, Anastasio Iglesias Blanco. Santiago de Compostela : Xunta de Galicia, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, D.L. 2013. (Cadernos Ramón Piñeiro). Sign.: 146/91.

-**Fermín Penzol, rexistrador, bibliófilo e galeguista** / VVAA. Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, Irmandade Xurídica Galega. Vigo, 2017.

## ARTIGOS SOBRE FERMÍN PENZOL en publicacións periódicas

En **BIERZO**. Sign.: RF-455

*La Fundación Penzol y sus orígenes bercianos* / Rafael Canseco. Ano 2009; p. 92-95.

En **BUGUINA**: boletín bimestral do Programa Urbano do Concello de Vigo. Sign.: RG-387

*Biblioteca Penzol* / M<sup>a</sup> Ángeles Vidal Fraile. Nº 2 (xan-feb 1998) ; p. 16-18.

En **GALICIA EMIGRANTE**. Buenos Aires, Sign.: RG-123. Ed. facsimilar, Sign.: SL-R-44

*Conversa con Fermín Penzol, o gran bibliófilo galego* / Por Salvador Lorenzana. Entrevistas. Ano 4, n. 26 (xan.-feb. 1957) ; p. 2-4.

En **GRIAL** : revista galega de cultura. Sign.: SL-R-3

-Fermín penzol. In memoriam. N. 73 (xul.-set. 1981).

Contén:

*Perder amigos, Fermín Penzol* / Ánxel Fole. P. 277-278.

*A Personalidade política de Fermín Penzol* / Ramón Piñeiro. P. 279-288.

*Penzol e a súa obra* / Ramón Lorenzo Vázquez. P. 306-308.

*Documentación epistolar : Cartas de Fermín Penzol*. P. 309-335.

*Fermín en Barcelona* / Basilio Losada. P. 339-341.

*Unha Lembranza da figura humana e cordial de Fermín Penzol* / Isaac Díaz Pardo. P. 343-344.


*O Meu Fermín, o noso Penzol, a "Penzol" de todos* / Xesús Alonso Montero. P. 345-347.

*Fermín Penzol e a "Mocidade Céltiga" de Madrid* / Emilio González López. P. 348-350.

*Os Espellos de Fermín Penzol* / Marino Dónega. P. 351-352.

*Fermín Penzol, unha obra para un país* / Henrique Monteagudo Romero, Xoaquín Solleiros. N. 187 (xullo-set. 2010) ; p. 8-9.

*Cartas de Víctor Casas a Fermín Penzol* / María Dolores Cabrera Iglesias. Nº 212 (out.-dec., 2016).



# ARQUIVOS PENZOL E FERNÁNDEZ DEL RIEGO

## MATERIAIS DE ARQUIVO

### 1. FONDO FERMÍN PENZOL

#### 1.1. CORRESPONDENCIA (Sign.: FPL-1; FPL-2).

No Fondo Fermín Penzol está consérvase unha importante correspondencia con 41 correspondentes e un total de 244 unidades. A maioría deles concéntranse en cinco correspondentes: Víctor Casas (54), Ramón Piñeiro (102), Ramón Cabanillas (16), Ramón Otero Pedrayo (12), Xosé Fernández Oxea (10).

Da correspondencia con Víctor Casas demos conta no número 14 de Novas Penzol (decembro de 2016), dedicado ás Irmandades da Fala.

#### **Correspondencia con Otero Pedrayo** (Sign.: FPL-1/27).

A correspondencia con Otero Pedrayo consta de 12 documentos datados no período 1956-1967.

Tratan temas familiares e felicitacións. En 1960-1961 fan referencias á Biblioteca Penzol.

Na carta datada o 10/04/1967, Otero fala da ilusión de ofrecer á Biblioteca Penzol o primeiro exemplar do libro “Feixó”, mais teme morrer sen velo publicado pola demora da editorial. En todo caso promete doar á Penzol o manuscrito orixinal. (O libro, *El Padre Feijóo: su vida, doctrina e influencias*, editouse en 1972).

#### **Correspondencia con Fernández del Riego** (Sign.: FPL-1).

Dúas cartas de 1954 e 1967.

Na carta do 20/06/1967, del Riego dá conta da entrada na Penzol dos documentos autógrafos mercados a Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez. Estes documentos forman a “Colección A”, da que informamos no número 14 de Novas Penzol (maio 2014).

#### **Correspondencia con Ramón Cabanillas** (Sign.: FPL-1/5).

Está formada por 16 cartas manuscritas, datadas no período 1953-1958.

É unha correspondencia moi familiar e amigábel.

A carta do 15/07/1953 refire a sospeita de que Borobó e Otero están argallando facerlle unha homenaxe, mais non pensa ir porque non quere morrer de vergoña. Esta homenaxe causa polémica, pois Otero Pedrayo publica un artigo en *La Noche* manifestándose contra a súa conveniencia, postura que agrada a Cabanillas (retallo do artigo *El homenaje a Cabanillas*, Sign.: FPL-3).

Na carta do 07/04/1954, Cabanillas fai algunhas consideracións sobre o seu labor como escritor e o seu rexeitamento ás homenaxes, pois ten renunciado a todo interese e acrecemento persoal.


Nas últimas cartas, Cabanillas quíxase dos problemas de saúde, que se manifestan progresivamente na súa caligrafía.

#### **Correspondencia con Xosé R. E Fernández Oxea**

(Sign.: FPL-1/3).

Son 10 pezas, unhas manuscritas e outras mecanografadas, datadas entre 1954 e 1963, cunha correspondencia familiar e de amizade.

A carta do 09/04/1954, fai referencia á homenaxe de Cabanillas e ao artigo de Otero, manifestándose contra a postura de Otero.






## Correspondencia con Ramón Piñeiro (Sign.: FPL-2/2).

Son 102 pezas, datadas entre 1950 e 1968.

Os contidos desta correspondencia, ademais de comentar temas de actualidade, céntranse especialmente na Fundación Penzol e en Galaxia: as xestións realizadas para a adquisición de fondos bibliográficos, a procura dun local para instalar a Biblioteca Penzol en Vigo (carta do 08/09/1961), a xestión ante institucións brasileiras para que manden unha selección bibliográfica á Penzol, etc.

A carta do 02/07/1957 fala da detención de Valentín Paz-Andrade. E a do 07/03/1958 da derradeira lección de Otero Pedrayo no Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela.



## 1.2. DOCUMENTOS INDIVIDUAIS (Sign.: FPL-3/1).

Documentos persoais como o Certificado de nacemento, o Carnet de Socio do Sporting-Club e a Partida de defunción.

## 1.3. DOCUMENTOS ACADÉMICOS (Sign.: FPL-3/2).


Expedientes académicos de Fermín Penzol do Instituto de Pontevedra, da Universidad Central de Madrid, Facultad de Filosofía y Letras e da Facultad de Derecho y de Ciencias Sociales.

## 1.4. DOCUMENTOS FAMILIARES (Sign.: FPL-3/3).

Nos documentos familiares pódese salientar un boceto da Árbore xenealóxica da familia Penzol e o Expediente da carreira Xudicial e Fiscal de Indalecio Fernández López, copia do Archivo Histórico Nacional.

## 1.5. HOMENAXES (Sign.: FPL-3/4).

Son 3 pezas, entre elas un manuscrito de Salvador García-Bodaño do poema en homenaxe a Fermín Penzol.



## 1.6. DOCUMENTOS DA ACTIVIDADE DE BIBLIÓFILO (Sign.: FPL-3/8).

Neste apartado destacan documentos de subscripcións, facturas da compra de libros e catálogos (Catálogo da biblioteca galega de Don Rodolfo Prada, Sign.. FPL-3/8/7).

## 1.7. DOCUMENTOS DE FUNCIÓN (Sign.: FPL-3/10).

Neste apartado hai documentación sobre a súa actividade profesional de Rexistrador da Propiedade, sobre a súa actividade sociocultural e sobre a súa actividade política en Mocidade Céltega.

Da súa actividade profesional destacan os documentos de Nomeamento para o Rexistro de Ordes e o da Toma de posesión do Rexistro de Quiroga.

Da súa actividade sociocultural cabe salientar o seu Nomeamento como membro de Honor da Real Academia Galega.

A documentación relacionada coa Mocidade Céltega é moi importante (Sign.: FPL-4) e demos conta dela no número 14 de Novas Penzol (decembro de 2016).

## 1.8. OUTROS FONDOS

Existen outros documentos e obxectos dunha última doazón feita por Amalia Jiménez Alonso, irmá de Blanca Jiménez Alonso, esposa de Fermín Penzol.

Sinalamos que entre eses documentos e materiais aparecen pezas que merecen ser referidas:

-Dous pratos de prata cos que foi agasallado F. Penzol na data de inauguración da Fundación Penzol, coa lenda: A DON FERMÍN PENZOL, BÓ E XENEROSO, A MOCEDÁ GALEGA.

V – MAIO – MCMLXIII. Neles tamén están gravadas as sinaturas dos e das xoves que o agasallan, por exemplo: M. Caamaño, Elena García-Sabell, Carlos Casares, Antón Santamarina, Xosé L. Fontenla, X. L. Franco Grande, Xosé M. Beiras, Arcadio López-Casanova, R. Lourenzo, X. M. López Nogueira, Lina Mouriño Serantes, etc.

-Carpeta cunha relación alfabética e manuscrita de libros e documentos, que semella un intento de realizar un inventario das súas adquisicións bibliográficas. Os apuntamentos están numerados correlativamente, ata o total de 863.




-Manuscritos de poemas da súa autoría, titulados: O Pelengrín, Unha estrela, A barca cantareira.

-Catálogos bibliográficos e facturas de adquisicións de libros.

-Programa e retallos de prensa sobre a entrega do Pedrón de Ouro 1971 a F. Penzol.

-Expediente sobre a concesión da Medalla Castelao a Blanca Jiménez Alonso.

-Manuscrito de Blanca Penzol (Santiago 24-2-96): *Lembrando a Xaime e Cristina*, que é a súa colaboración no libro *Homenaxe a Xaime Isla* (Galaxia, 1996).



-Fotografías en distintos tamaños, arredor das 100 unidades.



Fermín Penzol e Blanca Jiménez con Ramón Cabanillas

## 2. FONDO FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

### 2.1. PARTIDO GALEGUISTA NA CLANDESTINIDADE. (Sign.: FR-CA-068 e FR-CA-069)

Francisco Fernández del Riego conservou a documentación producida polo Partido Galeguista durante a súa reconstrución na clandestinidade. Comprende os anos 1943 a 1965, predominando o período 1944-1948. Fermín Penzol substitúe a Ramón Piñeiro na Secretaría Política do Comité Executivo do no ano 1946, a partir da detención de Piñeiro. Entre os documentos figuran cartas e informes da autoría de Fermín Penzol no desenvolvemento deste cargo.

Algúns exemplos desta documentación de función:

- 09/04/1946, carta de F. Penzol a Joseba Rezola sobre a detención dos galeguistas e a chegada de Castelao a Francia.
- 09/05/1946, carta de Penzol a Castelao sobre o seu nomeamento como ministro do Goberno da República no exilio e envío dun informe do Comité Executivo.
- 13/06/1946, carta-informe de Penzol a Xoán X. Plá sobre a correspondencia, seguridade, organización do PG, a situación dos detidos e a resistencia interior.
- 19/06/1946, carta-informe de Plá a Penzol sobre o Goberno da República no exilio, e outros temas.
- 26/06/1946, carta-informe de Plá a Penzol sobre a postura anglo-americana no posible derrocamento de Franco.
- 13/08/1946, carta de Plá a Penzol renunciando ao papel de correspondente e informador da Secretaría Política do PG en Francia.
- 27/07/1946, carta de Rezola a Penzol sobre a unidade da oposición antifranquista, as aspiracións de Galeuzca e as últimas novas sobre Castelao.
- 17/11/1946, carta de Penzol a Castelao sobre o envío dos acordos da última Xuntanza do Comité Executivo do PG.
- 30/12/1946, carta de Castelao a Penzol criticando a actitude do interior, en resposta a informe anterior do Comité Executivo.
- 29/04/1947, carta de Castelao a Santiago Pol (F. Penzol) sobre o envío dun delegado a Galicia.



## 2.2. FOTOGRAFÍAS (Sign.: FR/ALB-02; FR-ALB-03; FR/ALB-04; FR/ALB-05)

Nos álbums de fotografía do Fondo Fernández del Riego áchanse 21 fotografías de grupo nas que aparece Fermín Penzol, datadas entre 1952 e 1976.



Coa viúva de Xohan Vicente Viqueira nas instalacións da Biblioteca Penzol

## 3. FONDO RAMÓN PIÑEIRO (Sign.: CA-283/15)

No Fondo Ramón Piñeiro hai 14 cartas manuscritas de Fermín Penzol a Ramón Piñeiro, datadas 11 delas entre 1950 e 1968 e as outras 3 sen datar.

Ademais dos contidos persoais e familiares, que evidencian unha relación moi cordial, os temas fundamentais nesa correspondencia están relacionados coa adquisición de fondos bibliográficos e documentais, con detalles de transferencias bancarias para abonalos, etc.

Tamén se refiren ás publicacións de Galaxia e ao uso da derrama entre os amigos para o financiamento da edición dalgún dos libros.

